

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 22 de marzo de 2021, polo que se aproban as normas reguladoras da bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia

Considérase necesario establecer as bases xerais que se utilizarán nos procedementos de provisión por concurso dos postos de traballo da relación de postos de traballo da Administración do Parlamento de Galicia.

Na reunión da Mesa de negociación da Administración do Parlamento de Galicia do 8 de febreiro de 2021, acadouse un acordo en relación coa proposta de Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia.



Consecuentemente, ao abeiro do disposto no artigo 3.2.c) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do 22 de marzo de 2021, dispón:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios para a valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes nas convocatorias para a provisión de postos na Administración parlamentaria polo sistema de concurso.
2. Nos concursos de méritos deberase valorar principalmente a traxectoria profesional do persoal funcionario da Administración do Parlamento de Galicia, así como a adecuación técnico-profesional das persoas aspirantes cos postos ofertados.
3. Para a adxudicación dun posto exixirase acadar unha puntuación mínima que se fixará na correspondente convocatoria.
4. A valoración dos méritos das persoas aspirantes realizarase tendo en conta as características dos postos ofertados, que se especificarán na respectiva convocatoria (área funcional e tarefas específicas), así como a posesión dun determinado grao persoal, o traballo desenvolvido noutros postos, os cursos de formación e perfeccionamento acreditados e a antigüidade das persoas aspirantes, de acordo cos criterios que se detallan a continuación.

Artigo 2. *Valoración dos méritos*

A) Traballo desenvolvido no Parlamento de Galicia

1. A valoración máxima polo traballo desenvolvido será de 5 puntos.
2. O tempo de permanencia en postos da Administración parlamentaria segundo o nivel do complemento de destino valorarase coa seguinte cualificación:
 - a) Polo tempo de permanencia nun posto de traballo cun nivel igual ou superior ao posto que se concursa: 1 punto por ano ata un máximo de 5 puntos
 - b) Polo tempo de permanencia nun posto de traballo cun nivel inferior ao posto que se concursa: 0,8 puntos por ano ata un máximo de 4 puntos

B) Grao persoal

1. A valoración máxima polo grao persoal será de 2 puntos.
2. Por estar en posesión dun determinado grao persoal:
 - a) Por ter un grao persoal superior ao posto ofertado: 2 puntos.



b) Por ter un grao persoal igual ao posto ofertado: 1,5 puntos.

c) Por ter un grao persoal inferior ao posto ofertado: 1 punto.

C) Cursos de formación e perfeccionamento.

1. A valoración máxima dos cursos de formación será de 15 puntos

2. Serán valorados como mérito os cursos de formación cunha duración mínima de 12 horas que fosen realizados nos 15 anos anteriores á convocatoria do concurso e organizados ou promovidos polo Parlamento de Galicia, polas escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso os cursos contén cunha homologación oficial.

3. Puntuarase a formación atendendo á seguinte distribución:

a) Cursos sobre aplicacións e programas informáticos relacionados coa actividade do Parlamento de Galicia. Valorarase a razón de 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 3 puntos. Para tal efecto deberanse detallar previamente aqueles cursos que se consideren relacionados coa actividade da Cámara.

b) Cursos sobre calquera temática relacionada co actividade do Parlamento de Galicia. Valorarase a razón de 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 10 puntos.

c) Cursos sobre temática directamente relacionada coa area funcional ou coas tarefas propias do posto ao que se concursa. Valorarase a razón de 0,02 puntos/hora de formación ata un máximo de 12 puntos.

d) Cursos de idiomas distintos do galego impartidos por escolas oficiais. Valorarase a razón de 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 3 puntos.

e) Cursos impartidos pola persoa aspirante sobre as materias referidas nos apartados anteriores, na propia Institución ou en calquera outra Administración pública ou organismo dependente. Valorarase incrementando a puntuación (puntos/hora) dos distintos apartados nun 50 %, ata un máximo de 10 puntos.

D) Grao de coñecemento do idioma galego.

1. A valoración máxima dos cursos de formación será de 3 puntos.

2. Valorarase a formación especializada en idioma galego coa seguinte cualificación:

a) Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5. Valoraranse con 1,5 puntos.



b) Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega. Valoraranse con 3 puntos.

E) Titulacións académicas.

1. A puntuación máxima por titulacións académicas será de 4 puntos.

2. Non se valorarán títulos académicos imprescindibles para a consecución doutros de nivel superior que se aleguen como méritos, nin se valorarán os títulos académicos exixidos para o ingreso no corpo de funcionarios correspondente. As titulacións distintas das anteditas valoraranse coa seguinte cualificación:

a) Titulacións académicas en xeral.

- a1) Titulación de grao medio non universitaria ou asimilada: 0,50 puntos
- a2) Titulación de grao superior non universitaria ou asimilada: 0,75 puntos
- a3) Titulación universitaria de grao ou asimiladas: 1 punto
- a4) Titulación universitaria de experto: 1,25 puntos
- a5) Titulación universitaria de especialista: 11,50 puntos
- a6) Máster universitario: 2 puntos
- a7) Doutoramento: 3 puntos

b) Titulacións académicas relacionadas co posto de traballo, especificadas na convocatoria correspondente

- b1) Titulación de grao medio non universitaria ou asimilada: 0,75 puntos
- b2) Titulación de grao superior non universitaria ou asimilada: 1 punto
- b3) Titulación universitaria de grao ou asimiladas: 1,5 puntos
- b4) Titulación universitaria de experto: 1,75 puntos
- b5) Titulación universitaria de especialista: 2 puntos
- b6) Máster universitario: 2,5 puntos
- b7) Doutoramento: 4 puntos

F) Antigüidade

1. A puntuación máxima por antigüidade será de 5 puntos

2. A antigüidade valorarase por anos de servizos, computándose tamén, para estes efectos, os servizos recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario de carreira do Parlamento de Galicia. Diferenciarase a puntuación en función dos corpos ou escalas en que se prestou o servizo, atendendo ao seguinte baremo:

a) 0,40 puntos por ano completo de servizos prestados en corpos ou escalas do mesmo nivel de titulación ou superior en que se atope clasificado o posto a que se opta.

b) 0,20 puntos por ano completo de servizos prestados en corpos ou escalas de inferior nivel de titulación en que se atope clasificado o posto a que se opta.



3. Estas puntuación asignarase porcentualmente aos períodos inferiores a 1 ano cunha duración mínima de 1 mes.

G) Exercicio de dereitos de conciliación

1. A puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

2. Teranse en conta os dereitos de conciliación exercidos nos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria do concurso. Os meses computaranse por días naturais de 30 días.

3. Permiso por parto, adopción ou acollemento (artigos 1 e 2 das normas que amplían os dereitos do persoal, aprobadas por acordo da Mesa do 14 de febreiro de 2020): 0,20 puntos.

4. Permiso como proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, adopción ou acollemento dun fillo ou filla (artigo 3 das normas que amplían os dereitos do persoal, aprobadas por acordo da Mesa do 14 de febreiro de 2020): 0,20 puntos.

5. Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,02 puntos/mes.

6. Excedencia para coidado de fillos/as e familiares, prevista no artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,04 puntos/mes.

H) Méritos específicos

1. A puntuación máxima deste apartado será de 9 puntos.

2. Valoraranse os méritos específicos adecuados ás características de cada posto (área funcional e tarefas específicas). Valorarase a experiencia no desempeño de postos pertencentes á mesma área funcional que a do posto convocado, así como experiencia noutros postos con similitude de tarefas e contido técnico. Os criterios de valoración e a concreción dos méritos específicos que se valorarán neste apartado estableceranse nas respectivas convocatorias de concurso.

Artigo 3. *Cuestións de procedemento*

1. Nas convocatorias de concursos de méritos deberán engadirse, en todo caso, os seguintes datos e circunstancias:

a) Denominación e número, nivel, corpo, complemento específico, área funcional e localización do posto.

b) Relación de méritos específicos avaliáveis coa súa correspondente puntuación e a puntuación mínima que se deberá acadar para optar ao posto.

c) Prazo de presentación de instancias.

2. As solicitudes para tomar parte nos concursos, dirixidas á Oficialía Maior do Parlamento de Galicia, presentaranse no Rexistro Xeral deste, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do



día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou por calquera das formas establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O impreso de solicitude será publicado como anexo en cada convocatoria. As devanditas solicitudes conterán, caso de seren varias as prazas solicitadas, a orde de preferencia destas. Unha vez transcorrido o prazo de presentación, as solicitudes formuladas serán vinculantes para os peticionarios.

3. Todos os méritos alegados deberán ser acreditados mediante a presentación de certificacións ou títulos orixinais ou fotocopias compulsadas, salvo que se trate de méritos que consten no expediente persoal de cada funcionario, caso en que será suficiente mencionalos na solicitude. Para o suposto de que na documentación presentada existan defectos reparables, daráselle á persas interesada un prazo de tres días hábiles para corrixilos.

4. A experiencia desenvolta no Parlamento de Galicia será igualmente mencionada na solicitude indicando os períodos, tarefas e funcións encomendadas ao posto ou postos de traballo desempeñados polo funcionario solicitante, de acordo coas funcións da relación de postos de traballo. Esta experiencia será comprobada e ratificada polo Servizo de Persoal e Réxime Interior.

5. Para a valoración dos méritos achegados aos concursos de provisión de postos de traballo constituirase unha comisión de méritos coa seguinte composición, que contará, en todo caso, cun número impar de membros, nomeada pola Presidencia do Parlamento de Galicia:

Presidencia:

A letrada ou o letrado oficial maior ou letrada ou letrado en quen delegue.

Vogais:

a) A persoa responsable da unidade administrativa da que dependa o posto de traballo ofertado ou a persoa funcionaria do Parlamento de Galicia en quen delegue.

b) Unha persoa funcionaria do corpo a que pertenza o posto de traballo ofertado segundo a relación de postos de traballo.

c) Una persoa funcionaria que designará a Xunta de Persoal que conte, cando menos, co mesmo nivel de titulación exixida para o ingreso no corpo correspondente ao posto ofertado. No seu defecto, elixirase unha persoa funcionaria que cumpra con estes requisitos, elixida ao chou de entre o persoal que se presente para este efecto.

d) Unha letrada ou un letrado do Parlamento.

Secretaría:

A persoa responsable do servizo de persoal ou persoal funcionario en que delegue.

6. A comisión de méritos poderá solicitar o asesoramento de expertos que colaboren na



valoración dos méritos, os cales actuarán con voz pero sen voto.

7. En caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á puntuación outorgada no apartado 8 e, de persistir o empate, dirimirase pola puntuación outorgada aos restantes méritos enunciados pola orde recollida nestas normas.

8. A comisión de méritos, no prazo non superior a un mes desde a fin do prazo de presentación de instancias, publicará na web do Parlamento de Galicia a resolución coa relación dos aspirantes presentados ao concurso, con indicación da puntuación recoñecida por cada un dos méritos alegados.

Contra tal resolución os interesados poderán interpoñer reclamación ante a comisión de méritos no prazo de 5 días hábiles.

Nun prazo non superior a 15 días, a comisión de méritos resolverá as reclamacións presentadas, se as houber, notificará o resultado destas aos interesados e elevará unha proposta á Presidencia do Parlamento de Galicia, de resolución do concurso a favor da persoa que acade a mellor puntuación de entre as que consigan a mínima exixida.

9. A resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia que adxudicará definitivamente os postos ofertados a aquelas persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Nela deberán figurar os seguintes datos:

a) Denominación, número, corpo ou escala, complemento específico e nivel de complemento de destino do posto adxudicado.

b) Datos identificativos da persoa funcionaria seleccionada: nome e apelidos, corpo ou escala e grao persoal.

c) Denominación, número, corpo ou escala, complemento específico e nivel de complemento de destino do posto liberado.

10. O prazo de toma de posesión, que será de tres días, empezará a contarse ao día seguinte do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días seguintes á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución do concurso.

11. Os postos de traballo vacantes, catalogados para a provisión mediante concurso de méritos, convocaranse para a súa adxudicación definitiva dentro do período máximo de tres meses, contados a partir da data en que se produzan as ditas vacantes, e en todo caso antes de ser ofertados a funcionarios de novo ingreso, e de acordo co establecido nas presentes bases.

12. Consideraranse os méritos que se aleguen ata a finalización do prazo de presentación de instancias.

13. Será exixible a permanencia mínima de dous anos nun posto de traballo para poder concursar.



Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

